

**DONA CARLOTA GONZÁLEZ NAVARRO, SECRETARIA DO CONCELLO DE VALDOVIÑO (A CORUÑA), CERTIFICA:**

Que por acordo da Xunta de goberno local en sesión do 12.01.15, adoptouse acordo de adxudicación da obra do POS 2014: "LIMPEZA DE CUNETAS E OBRAS DE DRENAXE NAS PARROQUIAS DE PANTÍN, VILLARRUBE, VILABOA E LORA (CAMIÑO A LAGOA (PANTÍN) E OUTROS)", sendo o texto da parte dispositiva do acordo o seguinte:

**Primeiro.-** ADXUDICAR a obra do POS 2014 denominada:"LIMPEZA DE CUNETAS E OBRAS DE DRENAXE NAS PARROQUIAS DE PANTÍN, VILLARRUBE, VILABOA E LORA (CAMIÑO A LAGOA (PANTÍN) E OUTROS)"á empresa: **"EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL S.L"**, CIF: B-15496219 por importe total de SETENTA E NOVE MIL SETECENTOS TRINTA E NOVE EUROS **(79.739,00 euros)**; (Prezo sen IVE: 65.900,00 euros) (IVE 21%).- 13.839,00 euros; por ser a oferta máis ventaxosa. e ter presentada debidamente a documentación establecida nos pregos; e cun **prazo de execución de 2 meses**, a contar dende o día seguinte ao da sinatura da acta de replanteo.

**Segundo.-** Notificar o nomeamento coma director da obra a don Julio C. Rojo Martínez, colexiado núm. 3871.

**Terceiro.-** Formalizar o pertinente contrato coa empresa "Candal, Excavaciones y Obras, S.L", que executará a citada obra que se lle adxudica dacordo co proxecto técnico, o prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación, a oferta que presentou e as condicións das autorizacións sectorias obtidas para a execución da obra.

**Cuarto.-** Notificar o presente acordo ao adxudicatario e aos demais licitadores, e publicar a adxudicación no perfil do contratante.

**Quinto.-** Enviar a documentación relativa á adxudicación á Excma. Deputación Provincial.

**Sexto.-** Facultar ao Sr. Alcalde para cantos actos deriven da adopción do acordado".

E para que así conste e produza os efectos oportunos, expido a presente Certificación en Valdoviño, co Visto e Prace do Sr. Alcalde-Presidente, a vinte e sete de febrero de dous mil quince.

V. e Pr.

O Secretario,

O Alcalde,